

GUÍA

DE BOAS PRÁCTICAS
AMBIENTAIS XERAIS

GANDERÍA



Deputación
Pontevedra

Pontevedra, 13 de febreiro de 2020

Ante a situación de emerxencia climática, unha das cuestións máis urxentes que ten a nosa sociedade é darlle a necesaria resposta ao imparable cambio climático. Por iso, a **Deputación de Pontevedra** asumiu como prioritario contribuir a este gran reto global.

A institución provincial converteu a transición ecolóxica nun obxectivo transversal da acción de goberno; por este motivo, implantouse un sistema de xestión ambiental no Pazo provincial, que inclúe todos os servizos situados neste edificio: **Arquitectura; Asesoría Xurídica; Comunicación Institucional; Contratación, Facenda e Patrimonio; Cultura; Deportes; Intervención; Medio Ambiente; Prevención de Riscos Laborais; Recursos Humanos e Formación; Secretaría Xeral; e Tesourería.**



O sistema de xestión implantado demostra o compromiso da **Deputación de Pontevedra** coa mellora continua do comportamento ambiental e co cumprimento dos seguintes principios:

- **Garantir que se cumpran os requisitos legais** e outros que a institución subscriba no relativo á xestión ambiental.
- **Sensibilizar e formar** permanentemente as persoas para motivalas a que se sumen a este desafío imparable no que todas e todos somos necesarios.
- **Protexer o medio:**
 - o Minimizando o impacto ambiental dos nosos servizos:
 - Cun uso sostible dos recursos.
 - Coa redución das emisións atmosféricas.
 - Mediante a segregación en orixe dos residuos xerados.
 - o Comprometéndose coa prevención da contaminación.
- **Establecer obxectivos e accións** de mellora alcanzables. Dotar os servizos dos medios e recursos necesarios para conseguilos.

A presidencia da Deputación de Pontevedra comprométese a desenvolver os compromisos fixados nesta política e no propio sistema de xestión ambiental.


CONSUMO DE AUGA

- Comproba periodicamente os sistemas de subministración de auga para detectar fugas.
- Utiliza sistemas de limpeza de alta presión para os aloxamentos de animais e os equipos.
- Usa equipos adecuados (bebedoiros de cazoleta ou circulares) para a categoría específica de animais que garantan a dispoñibilidade de auga.
- Revisa o axuste periódico da calibración do equipo de auga para beber.
- Reutiliza as augas da choiva non contaminadas como auga de lavado.



CONSUMO ENERXÉTICO

- Realiza un bo mantemento de equipos, maquinaria e vehículos.
- Utiliza sistemas de calefacción, refrixeración e ventilación de alta eficiencia.
- Illa os muros, solos e/ou teitos do aloxamento dos animais.
- Usa sistemas de iluminación de baixo consumo.
- Escolle a ventilación natural cando sexa posible.
- Aplica criterios de conducción eficiente no vehículo de traballo e na maquinaria agrícola.



VERTEDURAS

- Comproba periodicamente as estruturas de depósito, recollida e transferencia de xurros para detectar deficiencias.
- Almacena os xurros en balsas con base e paredes impermeables.
- Garda o esterco sólido en solos impermeables equipados cun sistema de drenaxe e cunha cisterna para recoller o escoamento, lonxe de cursos de auga superficial ou subterránea.
- Mantén as superficies dos solos o máis limpas posible.
- Separa as augas da choiva non contaminadas dos fluxos de augas residuais que requiran tratamento.
- Drena as augas residuais cara a un contedor especial ou ao depósito de xurros.


GASES DE EFECTO INVERNADOIRO

- Reduce o contido de proteína bruta segundo as necesidades dos animais.
- Utiliza métodos de alimentación multi-fase.
- Favorece máis tempo de pastoreo.



RUÍDOS, POS E CHEIROS

- Vela por que haxa unha distancia adecuada entre as instalacións e os receptores sensibles.
- Dispersa o aire de saída polo lado do aloxamento que non estea orientado ao receptor sensible.
- Toma medidas operativas, como cerrar portas e aberturas das instalacións.
- Mantén os animais e as superficies limpas e secas.
- Cubre os xurros e o esterco sólido durante o seu almacenamento.
- Sitúa os depósitos de xurros e o esterco segundo a dirección xeral do vento.
- Reduce o intercambio de aire sobre a superficie do xurro, e diminúe o nivel de enchido do depósito.
- Minimiza a axitación do xurro.
- Utiliza equipos de baixo nivel de ruído e, cando sexa posible, instala redutores do ruído, como illamentos ou insonorizacións.
- Aplica cama fresca utilizando unha técnica que xere pouco po.
- Utiliza pensos húmidos, penso granulado ou engádelles aglutinantes ou materias primas oleosas aos sistemas de penso seco.
- Instala separadores de po nos depósitos de penso seco que se enchan mediante medios pneumáticos.





RESIDUOS

RESIDUOS ASIMILABLES A URBANOS

- Dobra o cartón antes de introduci-lo no contedor de papel e cartón.
- Deposita no contedor amarelo os envases, baleiros e limpos, que non conteñan substancias perigosas e reduce ao máximo o seu volume.
- Evita ou minimiza o uso de plástico.
- Deposita os recipientes de vidro baleiros, limpos e sen tapas no contedor adecuado.



REDUCE



REUTILIZA



RECICLA



RESIDUOS

RESIDUOS PERIGOSOS

- Non vertas, tires ou abandones de forma incontrolada estes residuos; entrégallo a un xestor autorizado.
- Non debes reutilizar os envases baleiros de zoosanitarios e produtos perigosos; perfóraos ou esmágaos ata a súa entrega definitiva para evitar confusións.
- Mantén os contedores de residuos perigosos pechados.
- Indica na etiqueta a data de inicio de almacenamento; é dicir, na que se deposita o primeiro residuo.
- O almacenamento temporal dos residuos perigosos ata entregarllos a un xestor autorizado non superará en ningún caso os 6 meses.

Son residuos perigosos os zoosanitarios, catéteres, desinfectantes, aceites etc.

Fonte:

- *Guía de las mejores técnicas disponibles para reducir el impacto ambiental de la ganadería*. Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente.



